

Unha crise pode servir tamén de franxa de análise e cambio real de estruturas e da consideración social das nosas artes escénicas como algo máis aló da industria. Doutro xeito, e agora con máis contundencia, como veremos ante as prioridades económicas que establece a emerxencia e os grupos de poder mediático e económico, as artes quedarán relegadas nesta recuperación a unha actividade industrial menor, de moi escasa necesidade

ansiedade e o esvaecemento da protagonista ao ter que afrontar situacións límite, situacións persoais difíciles de xestionar e asimilar.

A peza orixinal parte da autoficción, autoría da catalá Gemma Brió, pero a intelixente adaptación e dirección de Tamara Canosa aposta por manter algúns aspectos esenciais e outros de proximidade co contexto galego, como son as referencias (críticas) ao noso sistema sanitario ou esa poética canción popular do final: “Paxariños que voades polas follas dos loureiros, deixade durmir ao neno que está no sono primeiro”. Con todo, como dicíamos, mantén ese carácter polifónico e fragmentario, a aposta pola metateatralidade e a apelación directa ao público, que se sinala e selecciona no momento de ter que facer referencia nalgunha escena a unha conversa con personaxes do relato coma o pediatra gris, unha doutora chamada Gayoso, etc. Nese traballo coral, resulta tan destacable a capacidade de Rocío González por manter a intensidade e a concentración en momentos climáticos da protagonista e outros de humor, coma a versatilidade de Cris Iglesias á hora de transitar con tanta naturalidade por varios personaxes coma a irmá, o pai, etc. Todas as voces, todas as imaxes e o ambiente creado tamén polas pertinentes partituras coreográficas deseñadas por Rut Balbís en base á repetición de movementos e accións entrecortadas, preséntanos esa loita dunha nai por saber e por conseguir unha vida digna para o seu fillo, por servir de apoio á visibilización que a peza abre a temas espiñentos como a mitificación da maternidade, o amor pola vida propia e a liberación a partir da morte (da eutanasia).

➔ Outro dos espectáculos que nos gustaría destacar deste primeiro trimestre do ano é a estrea d’*O mel non caduca*. Esta nova peza de Ibutrofeno Teatro é un paso adiante e de consolidación dunha compañía que aposta pola dramaturxia

galega de autor e a escrita a pé de obra de temas que lle afectan á sociedade actual. Comezou a partir do interese pola obsolescencia programada, sobre o que a compañía realizou talleres e exploracións, para chegar a unha historia, que mestura futurismo e consciencia ecolóxica e así falar do abandono familiar, do estilo de vida consumista ou as sofisticadas leis da natureza. Cunha mestura de lirismo e narratividade, vaixe entretecendo a historia de dous irmáns que descubren o corpo da súa nai morta e esquecida dende hai tempo no medio de escenas distópicas sobre uns científicos que pretenden recuperar unha especie vital e sostible, as abellas, xa extinguidas. Un mundo conceptual a través do cal se compón tamén a escenografía e os xogos teatrais, con esixencia física e un afinado ritmo textual.

Neste caso, a escenografía de Diego Seixo a partir de panais e casetas de abellas convértese nun lugar de transformación e salto entre dúas tramas á vista do espectador, para ir construíndo os distintos espazos dramáticos. Así, as colmeas poden ser un cemiterio, o interior da casa materna, un laboratorio científico ou unha árbore. Pero tamén os obxectos cobran un uso significativo para algunhas partes da fábula, coma a mazá (o obxecto perfecto que ilustra a loita dunha especie por sobrevivir nunha das escenas), o propio bote de mel ou uns libros que postos sobre as cabezas, sobre os brazos, provocan posturas incómodas para acompañar a ironía de escenas sobre os comportamentos da vida moderna, as présas, as rutinas, os vicios, as poses e os costumes absurdos. Os libros tamén se empregan noutras escenas máis simbólicas, para gabear ou camiñar nun espazo onírico ou para trazar un oito no chan, figura a modo de pegada pola que choutan os actores, de libro en libro, e que semella o trazado en forma de oito que debuxan no aire as abellas ao voar.

Como dicíamos, o texto de Santiago Corte-

goso estrutúrase en dúas tramas, a primeira vén a ser unha distopía no ano 2173, onde uns científicos tentan recuperar a partir do único bote de mel (que non caduca) existente no mundo unha especie desaparecida: a abella, esencial para producir este rico líquido e para as vitais tarefas de polinización. O resultado desta trama, onde cobra máis peso o aspecto humorístico na peza, produce resultados insatisfactorios na ficción, porque dos procesos de laboratorio só conseguen recuperar unha das últimas especies da familia dos véspidos en desaparecer do planeta grazas á súa fortaleza e capacidade de resistencia: a avespa velutina. Final traxicómico que enfía no groso temático da peza: a ecoloxía, a diversidade e o consumo sustentable.

A outra das tramas, que se mestura con esta é a historia da morte e o enterro da nai dos dous personaxes que interpretan Marián Bañobre e Avelino González e que os xunta despois de que esta morrese soa e botase na casa varios días coas abellas na cocíña, que ela mesma colocara. Esta parte da trama, ademais de servir de nexo pola presenza das abellas, reforza de misterio e maxia con ese estraño feito á peza e incluso de drama a unha realidade crecente: a morte en soidade nos nosos tempos.

O espectáculo de Ibuprofeno combina diferentes técnicas como o clown, o teatro de cámara, a poesía visual, a narración oral ou incluso o emprego funxible de obxectos (un panal real que se rompe en cada función para a narrativa da escena) para reflexionar ironicamente sobre a roda do consumismo voraz en que inevitablemente estamos metidos e á que, por moito que busquemos vías alternativas, acabamos contribuíndo polas présas e a propia supervivencia no medio. Aínda non sabían os personaxes d'*O mel non caduca* que si é posible parar de todo neste mundo capitalista e que quen o consegue pode ser un axente infeccioso microscópico acelular:

un virus. Hai tempos en que a realidade supera a unha boa ficción coma esta de Ibuprofeno, que segue sendo unha boa fábula dos tempos en que os obxectos cubrían as súas funcións e duraban máis aló do que o mercado global establece a través da obsolescencia programada. Ou onde o tempo dedicado ás persoas e aos brinquedos aparentemente inútiles (como os que facía o pai e que atopan os irmáns na casa da infancia) eran tempos de ledicia e de esperanza ■

## Bibliografía

Consello da Cultura Galega (2020): *Avance de resultados do informe sobre o teatro galego: creadores, xestores e públicos*. <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4357> [Última consulta: 4-IV-2020]